



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

10 JUN. 2024 17:20:15

Entrada **29236**

## Pregunta sobre o balance de barcos pesqueiros galegos que foron ao despezamento nos últimos anos

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao balance de barcos pesqueiros galegos que foron ao despezamento desde 2020.**

As políticas comunitarias de recortes de cotas pesqueiras e o fechamento de caladoiros, a subida dos prezos dos carburantes e a inflación, o Brexit, as desfeitas ocasionadas nas Rías galegas polos temporais, a falta de substitución xeracional no sector da pesca na Galiza xunto á ausencia de políticas de apoio por parte do Goberno do Estado e da Xunta, están a levar ao cesamento obrigado da actividade pesqueira a moitos barcos e á perda de emprego no mar.

Esta situación é especialmente preocupante se atendemos a grande tradición e á importancia da actividade pesqueira na Galiza e no seu PIB. Porén, nas últimas décadas os datos económicos amosan a progresiva caída do peso da pesca no PIB. Así, se no período 2000-2020 a pesca representaba 2,4% do PIB da Galiza, pasado o 2020 cae até 1,8%.

A frota pesqueira galega é a maior e máis importante do Estado e a pesar da crise que segue a padecer concentra o maior número de buques pesqueiros, representando 49,02% do total da frota do Estado segundo datos de 2022 do propio Ministerio.

Urxe, polo tanto, pór fin á pasividade nas políticas pesqueiras do Goberno e da Xunta e adoptar medidas que permitan impulsar decididamente un sector básico na economía das localidades costeiras galegas, que asenta poboación e

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

10 JUN. 2024 17:20:15

Entrada **29236**



constitúe un medio de vida tradicional que xera dinamismo económico e social para o conxunto do País.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno**

1. Desde o ano 2020, Cantos barcos pesqueiros foron ao despezamento na Galiza? Pode facilitar os citados datos distribuídos por ano?
2. Cal é a comparativa en relación cos anos anteriores? Existe un aumento?
3. Deu o Ministerio axudas para o despezamento procedentes dos fondos europeos?
4. Ten datos estimativos de cantos empregos se perderon no sector pesqueiro galego desde 2020?
5. Cantos buques pesqueiros seguen en activo na Galiza? De que tipo de frotas? Cal é a antigüidade media dos barcos pesqueiros en activo?
6. Ten datos dos buques que descargan en portos galegos e/ou con armadores, patróns ou tripulantes galegos que faenan baixo outras bandeiras? Cales son as cifras e volume de pesca que manexan?
7. É consciente o Goberno das graves dificultades polas que atravesa o sector pesqueiro galego polas políticas de recortes comunitarias e o feche unilateral de multitude de caladoiros sen os estudos científicos pertinentes e de impacto socio-económico, ao que se engade a suba dos prezos dos combustibles, o impacto dos temporais nas Rías galegas e a falta de políticas de apoio das Administracións públicas?
8. Que medidas prevé despreparar o Ministerio para impulsar e apoiar ao sector pesqueiro galego e evitar a desaparición de barcos pesqueiros?



9. Ten intención de promover no seo das institucións comunitarias cambios na Política Pesqueira Común a comezar pola revisión do principio de estabilidade relativa?
10. Adoptará as medidas precisas para lograr a declaración da Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca?

Madrid, a 10 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al balance de barcos pesqueros gallegos que fueron al desguace desde 2020.**

Las políticas comunitarias de recortes de cuotas pesqueras y el cierre de caladeros, la subida de los precios de los carburantes y la inflación, el Brexit, los destrozos ocasionados en las Rías gallegas por los temporales, la falta de relevo generacional en el sector de la pesca en Galiza junto a la ausencia de políticas de apoyo por parte del Gobierno del Estado y de la Xunta, están llevando al cese obligado de la actividad pesquera a muchos barcos y a la pérdida de empleo en el mar.

Esta situación es especialmente preocupante se atendemos a la gran tradición y a la importancia de la actividad pesquera en Galiza y en su PIB. Sin embargo, en las últimas décadas los datos económicos muestran la progresiva caída del peso de la pesca en el PIB. Así, si en el período 2000-2020 la pesca representaba 2,4% del PIB de Galiza, pasado el 2020 cae hasta 1,8%.

La flota pesquera gallega es la mayor y más importante del Estado y a pesar de la crisis que sigue padeciendo concentra el mayor número de buques pesqueros, representando 49,02% del total de la flota del Estado según datos de 2022 del propio Ministerio.

Urge, por lo tanto, poner fin a la pasividad en las políticas pesqueras del Gobierno y de la Xunta y adoptar medidas que permitan impulsar decididamente un sector básico en la economía de las localidades costeras



gallegas, que asienta población y constituye un medio de vida tradicional que genera dinamismo económico y social para el conjunto del País.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno**

1. Desde el año 2020, ¿Cuántos barcos pesqueros fueron al despiece en la Galiza? ¿Puede facilitar los citados datos distribuidos por año?
2. ¿Cuál es la comparativa en relación con los años anteriores? ¿Existe un aumento?
3. ¿Ha dado el Ministerio ayudas para el desguace procedentes de los fondos europeos?
4. ¿Tiene datos estimativos de cantos empleos se perdieron en el sector pesquero gallego desde 2020?
5. ¿Cuántos buques pesqueros siguen en activo en Galiza? ¿De qué tipo de flotas? ¿Cuál es la antigüedad media de los barcos pesqueros en activo?
6. ¿Tiene datos de los buques que descargan en puertos gallegos y/o con armadores, patrones o tripulantes gallegos que faenan bajo otras banderas? ¿Cuáles son las cifras y volumen de pesca que manejan?
7. ¿Es consciente el Gobierno de las graves dificultades por las que atraviesa el sector pesquero gallego por las políticas de recortes comunitarias y lo cierre unilateral de multitud de caladeros sin los estudios científicos pertinentes y de impacto socio-económico, a lo que se añade la subida de los precios de los combustibles, el impacto de los temporales en las Rías gallegas y la falta de políticas de apoyo de las Administraciones públicas?



8. ¿Qué medidas prevé desplegar el Ministerio para impulsar y apoyar al sector pesquero gallego y evitar la desaparición de barcos pesqueros?
9. ¿Tiene intención de promover en el seno de las instituciones comunitarias cambios en la Política Pesquería Común a comenzar por la revisión del principio de estabilidad relativa?
10. ¿Adoptará las medidas precisas para lograr la declaración de Galiza como Zona Altamente Dependiente de la Pesca?

Madrid, a 10 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**